



Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción: Acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa. Segunda fase, de clave: PO/17/001.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data do 21 de decembro de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia (num. 241) o Anuncio de 12 de decembro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: Acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa. Segunda fase, de clave: PO/17/001.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións, certificados e informes, procedéndose á súa valoración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos certificados, alegacións e informes presentados polos organismos oficiais competentes

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: Acondicionamento e mellora da seguridade viaria da PO-531 na Devesa. Segunda fase, de clave: PO/17/001.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 564
Fax.: 981 544 543
Correo-e: civ.infraestructuras@xunta.es



Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Pontevedra deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Infraestructuras e Vivenda no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestructuras
Francisco Menéndez Iglesias
(Asinado electronicamente)

Asinado por: MENENDEZ IGLESIAS, FRANCISCO
Cargo: Director da Axencia Galega de Infraestructuras
Data e hora: 14/08/2018 13.12.57

CVE: lora9HLO4
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

